




COSTA DE MALPICA DE BERGANTIÑOS (1)

Da punta Ferrera a Malpica

Adela Leiro, Mon Daporta
setembro 2019



Distancia: 25 km (a pé, lineal)
Dificultade: media

O concello de Malpica de Bergantiños forma parte do tramo de litoral coñecido como Costa da Morte, unha sucesión de cantís abruptos entre os que se atopan algúnhas praias e que inclúe as illas Sisargas. Unha costa que acolle importantes valores naturais, protexida no LIC/ZEC e ZEPA “Costa da Morte”.


A máxima altura do concello é o monte Neme, con 386 m. O río máis importante é o Baá, que percorre o concello de leste a oeste e desauga na praia de Esteiro.

As principais actividades son a pesca de baixura, os servizos, a industria relacionada co barro e a agrogandaría.

En canto ao patrimonio cultural o máis destacado é a vila mariñeira de Malpica, a igrexa e as torres de Mens, a ermida de Santo Hadrián e os fornos de Buño.



A Costa da Morte é unha gran área litoral de cara ao Atlántico, de morfoloxía moi diversa, na que se alternan grandes areas e marismas, illas e elevados cantís, con espazos expostos e protexidos. É un espazo de gran valor biolóxico que acolle unha importante flora e fauna con numerosas especies pouco comúns. A zona é unha importante área de pesca e marisqueo e recentemente tamén de gran interese turístico. Está protexida no LICZEC e na ZEPA “Costa de Morte” .



Na Costa da Morte os protagonistas son as rochas, o mar e o vento

PERCORRIDO

Comezamos na **praia das Torradas**, e por ela e pola da **Pradeira**, se a marea o permite, podemos achegarnos á **Ferreira**, a punta onde comeza o territorio do concello, se non, podemos facelo polo carreiro que hai por enriba da praia e polo roteiro para bicicletas Ruta dos Pinos do Mar desviándonos logo por un carreiro e polas leiras á punta da Ferreira. De alí volvemos atrás. De volta na praia das Torradas, se a marea está baixa, podemos pasar á **praia dos Riás**, que se asenta na desembocadura do rego dos Riás, pola area, se non, hai que subir pola pista e coller o primeiro desvío á dereita que baixa a ela. Desde a praia dos Riás hai que subir pola pista, uns 600 m, ata que atopemos un desvío á dereita polo que continuamos. A uns 200 m temos unha saída á dereita para baixar á **punta da pedra Negra** e o **Cociñadoiro** desde onde temos unha panorámica da costa ata as Sisargas, e vistas de detalle dos **Castelos** rochas elevadas esgazadas da costa que xa vimos desde os Riás.

Volvemos atrás, ao camiño e seguimos cara á dereita e nuns 2 km, nos que imos vendo desde o alto, uns 100 m, e polos ocos entre as árbores partes da costa da zona, chegamos a unha estradiña que, cara á dereita baixa á praia de San Miro. Na primeira curva temos un camiño que baixa para ver desde o outro lado o Cociñadoiro e de preto a **illa de San Bartolomeu**. De volta na estrada, uns poucos metros máis adiante, temos á dereita unhas pedras e ao pé delas un carreiro que baixa á **punta Falsa** polo que nos achegamos ao burato da parte alta da **Furna das Grallas**, un impresionante afundimento, con paredes de ata 30 m de altura, que se produciu ao derrubarse o teito dunha cova, que ten dúas saídas ao mar, ao que é posible acceder coa marea baixa. Voltamos á estrada e no remate do asfalto temos o acceso, acondicionado, á **praia de San Miro**, e á esquerda da baixada, xa no areal, atópase a fervenza que cae nas rochas da parte baixa do cantil, onde forma un pequeno pozo.

A pista de terra que segue desde San Miro lévanos ao Ceán, pero se queremos ver algo máis da costa da zona temos que coller, xa na parte alta, un atallo, unha forte baixada ao rego da Rega que sube logo ao outro lado do val, para enlazar na pista que se achega á **punta Pepino**, e xusto ao pé do punto de enlace un camiño carreiro polo que se pode ir ata a **punta da Rega** e á praia e á furna que só se ve coa marea baixa. Desde aquí hai que volver atrás, ao Ceán e no lugar coller á dereita, cara a Ardeleiro para, antes de chegar ao lugar, coller o desvío á dereita polo que se accede aos **muíños da Ribeira**.

E a partir dos muíños máis do mesmo: cantís, pistas, camiños perpendiculares á costa para achegarse ás puntas, e baixar e volver a subir por carreiros de pescadores

Desde os muíños, arriscando por carreiros que case non están, pódese chegar á **punta Percebeira** aínda que o mellor é avanzar ata onde se poida e coller un carreiro, máis ou menos claro, que vaia á parte alta, ao camiño (se non, hai que ir a Ardeleiro e alí coller sempre os desvíos á dereita para chegar polo camiño á punta Percebeira), e baixar logo polo carreiro dos pescadores, e volver a subir para ir logo polo camiño da dereita á **punta Fuxín**, baixar, subir, e ir polo primeiro camiño á dereita á **punta do Boi**. De volta da punta do Boi dous estreitos vales, a un e outro lado da **punta Lapachán**, obrígnanos a volver atrás, á pista, para coller nela o primeiro desvío á dereita e ao chegar ao pé do rego, pasado o depósito de auga, coller á dereita, e seguir os camiños da dereita para dar no que, pasando ao pé da canteira, vai ao pé do mar preto da desembocadura en fervenza do rego da **Xareira** e da furna. Voltando logo atrás e bastante despois de pasar a canteira collemos un desvío á dereita que nos leva a unha estrada que deixamos uns metros adiante para desviarnos outra volta á dereita para achegarse só un pouco a **punta Peteirón** e seguir, pasando por enriba do **Castelo** e a **punta do Muxeiro**, para volver saír á estrada que nos leva á capela de san Antón. Desde a capela baixamos polas rúas ao porto.

Percorremos o porto e, detrás das chabolas do peirao, collemos a escaleira, un cento de chanzos cumprido, para subir á **Atalaia** onde facemos un percorrido perimetral para gozar das vistas desde a altura: da vila e das panorámicas da costa leste, do porto, do cabo de san Hadrián e as illas Sisargas, da vila e das Praias e, ao completar a volta, baixar pola rúa da dereita para saír ao paseo que percorre as **praias de Area Grande e Canido**.

O percorrido en coche son uns 20 km ata a praia dos Riás e 7 máis, se nos achegamos á praia das Torradas por Aviño.



A Ferreira



Praia Pradeira



Praia das Torradas



O Gaiteiro (Praia das Torradas)



Praia dos Riás



A Herbosa



Os Castelos



O Cociñadoiro punta dos Guichos e Pedra Negra



Punta do Angueiro e Illote de San Bartolomeu



Punta Falcoeira



Punta Falsa



Monte Furado ou Furna das Grallas



Praia de San Miro





Praias, illa e rego da Rega



Punta e illote Pepino



Praia dos Curros



Laxe e punta dos Muíños



Enseada, Laxe e punta dos Muíños



Muíños da Ribeira. Un grupo de cinco edificacións, dúas situadas cara ao interior, e tres case na beira do cantil formando un fermoso conxunto, construídas ao estilo tradicional da zona, que aproveitan a caída e o escaso caudal do Rego dos Muíños. Na zona pódense ver pregues e furnas.





Punta dos Muíños



15-Punta Percebeira



Punta de Fuxín



Punta do Boi



Punta do Boi, con Malpica ao fondo



Punta Lapachán. Illa Redonda.



Punta Lapachán



Furna e rego da Xareira





Punta Peteirón



Illa do Castelo



Punta do Muxeiro



Vista da costa norte de Malpica



Punta da Plancha



MALPICA



A Atalaia. Punta da Cuada



A Atalaia. Punta da Chan.



A Atalaia. Punta da Chan.



Praia de Area Maior e A Atalaia



Praia e punta de Canido



Praias de Canido e Area Maior